


EXEMPLAR  
GRATIS  
grazas aos nosos  
colaboradores

**AUTO  
BAN**  
autoban.gal


# AUTO★ZINE

★ O fanzine do Autobán ★



**XUÑO 2023 EXEMPLAR GRATUÍTO**

Convocatoria de 2023 • Asíciatelo • Comics colaborativos • Artigos e crónicas sobre BD



## SOBRE A PRESENTE EDICIÓN

Impreso en Lugami a comezos de xuño, cunha tiraxe de 1000 exemplares.

O debuxo da portada do Autozine é obra de **Paz Rodríguez**, e o deseño do Autobán 2023 é de **María Prieto-Puga**. Moitas das fotos son obra de **Andrea Rodríguez**.

O equipo de redacción son:

**Deseño e maqueta:** Bernal Prieto

**Redacción e revisión:** Óscar Iglesias

**Deseño adicional:** Diego Burdío e Luis Sendón

## ORGANIZACIÓN DO AUTOBÁN

Organiza a Asociación Cultural Autobán: Bernal Prieto, Óscar Iglesias, Mar Vieites, Diego Burdío, María Álvarez Hortas, Paula Esteban, Jorge F. Peral, Roberto M. Soler, Luis Sendón e Xoana Pousa "Cuchiflainas". Axudan Redhead Shelley e Ana Pandemonium.

En edicións anteriores contamos na organización coa axuda de Mateo Alvarellos, Kike Benlloch, David Calviño, José Domingo, Yosune Duo, Alejandro Gaudino, Jano, Sandra Lodi, M-glón, Xulia Pisón, Martín Romero e Roque Romero.

## AGRADECEMENTOS VARIOS

O noso agradecemento aos establecementos e librarías de BD que apoian o Autobán: Alita, Metrópolis Coruña, Ese Sitio, Jaspe, Komic, Maraca, Paz, Sindicato del Cómic, Totem e Wells.

Tamén ás entidades que nos dan soporte: AGPI, Asociación Soho-Orzán e Feirarrúa, Coruña Gráfica, Demo Editorial e Bibliotecas da Coruña. Gran agradecemento a PuntoGal polo seu xeneroso apoio.

Especiais grazas para A Tobeira de Oza, Bar 13 e Grelería por darnos acubillo, e a toda a xente que colabora connosco para que este proxecto colectivo saia adiante.



Av. Finisterre 99B 15004 - A Coruña  
info@alitacomics.com 981 905 202

Orzán 94B 15003 - A Coruña  
orzan@alitacomics.com 881 914 647

f t i AlitaComics

Rúa Nova de Abaixo 2 15706 - Santiago  
santiago@alitacomics.com 881 975 602

# ASOCIACIÓN CULTURAL AUTOBÁN

O Autobán xurdiu hai case unha década do mesmo xeito que suceden moitas das grandes cousas da vida: case espontaneamente, sen planealo moito. Un grupo de autores e debuxantes da Coruña que non acababan de atopar un oco para os seus fanzines no festival de cómic da súa cidade consideraron a posibilidade de crear o seu propio evento paralelo de autoedición, seguindo o modelo de moitas outras citas que empezaron a proliferar polo Estado na mesma época. Todo moi *DIY*, tirando da xenerosidade dos colegas e dos recursos de internet para compensar a falta de orzamento e de medios. E meu dito, meu feito, en poucas semanas argallaran, repartido entre un local de *coworking* e un bar (lonxe do centro e do miolo das Viñetas, puro *underground*), un modesto festivaliño cun mercado onde se presentaron unha vintena longa de publicacións e varias actividades paralelas, como faladoiros e sobre todo o benquerido Combate de Debuxantes.

Todo saíu ben. Polo menos ben abondo como para que o persoal implicado naquela aventura se propuxese repetir a empresa. A dinámica foi a mesma durante varios anos: o núcleo organizador (do que co tempo foron marchando algúns dos fundadores, que serían substituídos por novas fichaxes) empezaba a preparar semanas antes (meses, no mellor dos casos) a vindeira edición, pero nunca sen facer plans máis aló do festival en curso. A posteriori aínda custa enxergar as razóns dese curtoplacismo: talvez xuntáronse varias personalidades punkis que fuxían de calquera tipo de compromiso a gran escala; talvez os esforzos de erguer un evento autoxestionado

sen máis apoios que unha campaña de *crowd-funding* dificultaban pousar a ollada alén do inmediato. O caso é que o Autobán ía saíndo adiante, mudando pequenos detalles aquí e acolá, pero sen moito cambio substancial.

Até que chegou a COVID. A pandemia obrigou a todo o mundo (particularmente no eido da cultura, un dos máis afectados) a deterse e reformular como se viñan facendo as cousas, a procurar alternativas, a reparar noutros modelos de xestión para non desaparecer. Xa levaba tempo rondando nas nosas cabezas, pero foi nesta tempada en barbeito que a posibilidade de constituírse como unha asociación empezou a tomar forma. Coñecíamos os exemplos doutras experiencias próximas e era evidente que aportaría vantaxes: lexitimáranos ante administracións e entidades privadas ás que poderíamos pedirllas apoios cos que sufragar propósitos e aspiracións máis aló de montar o esquema de festival de sempre, algo mesmo devencible para non estancarse.

E niso estamos. Esta primavera, case dez anos despois do arrouto inicial, por fin nos decidimos a redactar uns estatutos e fundar a **Asociación Cultural Autobán**. Foron os primeiros pasos dun novo proxecto que continuarían coa sinatura dun patrocinio con Punto Gal, dunha ducia de convenios con establecementos e entidades, ou coa elaboración deste mesmo Autozine que estás a ler, reformulado para a ocasión, e que esperemos que sigan cristalizando na vindeira edición do noso festival, que se celebrará o 11 e o 12 de agosto na Coruña. Esperamos verte alí para festexalo connosco.

## PODES ASOCIARTE POR 12 € AO ANO E TERÁS ESTAS VANTAXES

- Camiseta do Autobán 2023.
- Grupo de correo e Discord da Asociación.
- Poder formar parte da organización.
- Asistir aos nosos novos eventos.

Máis info para asociarte en [autoban.gal](http://autoban.gal) ou escribindo a [autoban.bd@gmail.com](mailto:autoban.bd@gmail.com)

# CONVOCATORIA AUTOBÁN 2023

Autobán é un festival coruñes que pretende recoller propostas creativas alén do circuíto comercial, dándolles difusión e un espazo propio onde amosar, promocionar e vender este tipo de proxectos.

## CANDO E ONDE SERÁ?

O venres 11 de agosto celebraremos as actividades máis lúdicas do Autobán nas que podedes participar se queredes: o **Autobombo** (rápidas presentacións dos vosos proxectos) e o célebre **Combate de Debuxantes**. Aínda non pechamos a localización definitiva destas actividades.

O sábado 12 de agosto será o mercado de fanzines, que se desenvolverá na praza de San Andrés e colaboración coa Grelería. Tamén organizaremos **obradoiros gratuitos** na mesma praza.

O mesmo sábado pola noite celebraremos unha **fiesta de peche** do Autobán 2023 no Bar 13.

## QUEN PODE PARTICIPAR?

Procuraremos dar cabida a todas as iniciativas que recibamos, priorizando aos fanzines e comics autoeditados de Galicia.

## COMO ANOTARSE?


Apuntádevos **libre e gratuitamente** na nosa web **autoban.gal** cubrindo o **formulario de inscrición** que atoparedes nela. O **prazo para inscribirse é ata as 23:59 h. do luns 10 de xullo de 2023**; as solicitudes fóra de prazo non serán tidas en conta.

## OS PARTICIPANTES DEBEN...

Os participantes debedes atender o voso posto o **sábado 12 desde as 12:00 ata as 22:00 h.** Seredes responsables do voso espazo, do material que traíades e dos vosos cartos. Nós proporcionaremos os elementos precisos para o mercado (mesas, cadeiras e similares).

**MÁIS INFO E FORMULARIO DE INSCRICIÓN EN AUTOBAN.GAL**

## ORGANIZA



autoban.gal

## COLABORAN





# FESTIVAIS DE AUTOEDICIÓN EN GALICIA



■ Imaxe do primeiro Grapa Grapa.

## ARTIGO

Mentres que na primeira década do século XXI a atención no mundo da autoedición de Galicia a acaparaban dous grandes buques insignia, o *Barsowia* do colectivo Polaquia e o *BD Banda*, trala súa eventual desaparición non se verían a priori proxectos que chegasen a ocupar o oco que deixaban. Pola contra, empezaron a agromar (primeiro de vagar e logo a esgalla) pequenos fanzines de vocación claramente minoritaria, moitos de expresión máis persoal que comunal.

Foi proverbial que neste cambio de paradigma xurdise o primeiro gran festival específico de fanzines en Galicia. Tratábase do Grapa Grapa, vencellado ao Liceo Mutante de Pontevedra, cuxa primeira edición se celebraría o 21 e 22 de decembro de 2012; habería outras catro máis ata 2018. A súa posta en escena, na que convivían mercado, exposicións, faladoiros e actuacións, marcarían a folia de ruta doutros eventos posteriores.

Tralo pioneiro, en agosto de 2014 apareceu o Autobán na Coruña para ofrecer unha alternativa independente ao festival de cómic galaico de referencia, o Viñetas desde o Atlántico, no que o fanzineo non acababa de atopar o seu lugar. O Combate de Debuxantes e o torneo de brilé serían agnolhas das súas marcas de identidade.

Tras pasar por diversos emprazamentos, o local autoxestionado Nave 1839 convertería se na súa sede oficiosa; esta unión daría lugar a un *spin-off* invernol de dimensións máis reducidas, o Autobom.

Inmediatamente, os diferentes autores e colectivos mobilizáronse para que as principais cidades do país contasen con cadanseu evento de BD autoxestionada. A finais do verán de 2014 chegaría o No Tengo Mamá a Vigo, festival de artes visuais promovido por Seara Records que ocuparía a contorna do museo MARCO. En outubro dese ano, debutaría o AU/OU na librería Sindicato del Cómic de Ourense. En decembro de 2015 sería o turno do Fun Fun Fun ("movidote de autoedición") en Santiago de Compostela. En plena efervescencia destas feiras e mercados, mesmo Cangas tería un efémero evento, o Salsa Letal, que só se celebraría un ano.

Cada festival tería a súa propia idiosincrasia, pero entre todos ofrecerían acubillo a toda unha xeración de autoeditores que foron medrando e multiplicándose seguindo o ronsel desta vízosa conxuntura. Unha mágoa, xa que logo, que a pandemia da COVID e a súa corentena freasen a boa marcha desta fértil escena, deixando tocados de morte a varios destes festivais.

Pero non hai mal que cen anos dure, e tralo confinamento chega un novo rexurdimento. Apareceron por sorpresa novas iniciativas, coma o Vaia Vaia de Lugo. O Autobán, tras unha edición dixital e outra de descanso, retomou as súas operacións en 2022. As últimas noticias avanzan que o Fun Fun Fun resucita para unha 5ª quenda este mesmo mes de xuño. Podemos confirmar entón que os festivais de autoedición en Galicia non foron unha moda pasaxeira, senón o escaparate dun dos movementos de cómic con máis pegada de todo o Estado. ■

# FUN FUN FUN 2023



■ Detalle do cartel. ©Greta Debelius

O Fun Fun Fun, o “movidote de autoedición” de Santiago de Compostela, regresa a fin de semana do 9 de xuño para celebrar unha devecida 5ª edición, trasladándose das súas datas habituais de Nadal á primavera. Segundo Manuel Barreiro, un dos promotores, o evento preséntase con varios cambios pois “a pandemia cortou o medre, que na edición que tivemos que suspender era importante, e a intención é retomar o camiño, asentarse de novo o festival e ver de que vaia medrando”. Para el, o obxectivo sería “integrarlo máis na cidade, que para anos vindeiros se asente e tentar atraer xente que non está metida no campo da autoedición”.

Entre as principais mudanzas, renovouse a organización metendo a xente nova e apostouse por un novo emprazamento, o local da asociación cultural Ítaca, pois aínda que a intención era celebralo ao aire libre, o Concello non lles constestou as peticións dun espazo na vía pública. As actividades previstas inclúen mercadillo, charlas con títulos tan suxestivos como “Debate sobre o estado da Fanzinación” e “Disidencias no Fanzine”, varias sesións musicais con DJs e un sempre acaecido combate de debuxantes.

# VAIA VAIA 2023



■ Mercado de fanzines do Vaia Vaia 2022.

VAIA VAIA 2023 será a cuarta edición do encontro de fanzines que terá lugar en Lugo a finais de setembro.

“Trátase dun evento que trata de difundir a escena artística e creativa máis descoñecida da cidade de Lugo e de toda Galicia a través da cultura do fanzine. O obxectivo deste encontro non é outro que acoller durante un par de días unha feira de autoedición e constituírse como unha reunión pública e aberta a todo aquel que estea interesado nas publicacións independentes e autoxestionadas, axudando a situar a Lugo como un referente artístico-cultural. Abrazamos o amateur e abrimos as portas a proxectos e persoas que aínda non se deron a coñecer ou que nunca se atreveron a participar nun evento destas características. O mercadillo de fanzines será o punto de encontro principal ao redor do cal se organizarán diversas actividades como obradoiros, mostras, charlas, mesas redondas, proxeccións, etc., abarcando contidos que supoñan mergullarse na linguaxe da ilustración, a creación literaria, o grafismo e as artes visuais.”

# ASÍ FOI O AUTOBÁN 2022



■ Dúas estampas do mercado de autoedición do Autobán 2022.

## CRÓNICA

Despois dun intervalo por mor dunha pandemia que nos impediu convocar un evento presencial durante un par de anos (pero no que fixemos unha cuquisíma edición dixital que aínda se pode revisitar na nosa canle de Youtube), en agosto de 2022 o Autobán reapareceu tras esta paréntese celebrando un novo festival na Coruña no que tentou combinar as esenciais tradicionais do evento con novidosos enfoques e propostas cos que actualizar a cita.

Tras a desaparición da nosa añorada Nave 1839, os actos do venres 12 trasladáronse a unha ubicación distinta, o Bar Monty. Alí terían lugar o habitual Autobombo (unha ducia de presentacións rápidas a cargo de distintos fanzineiros participantes nesta edición do Autobán), presentado con garbo por David Calviño, e o popular Combate de Debuxantes, un torneo de debuxo rápido a partir de conceptos improvisados conducido polo carismático Sekone. Oito artistas ousaron entrar nel (Antón Yáñez, Paz Rodríguez, Lara Martínez, Jacobo Bonilla, Candela Contreras, Javier Trugeda, Guillermo de Foucault e Rodrigo Zayas), e

tras varias roldas eliminatorias, o público cos seus votos decidiu que fose Paz Rodríguez a que levase á súa casa o prezado trofeo de campiona do Combate.

O sábado 13 o prato principal do festival, o mercado de autoedición, estreará tamén un novo emprazamento grazas ao apoio de Julia Lago e a súa galería Grelería: a Praza de San Andrés, que resultou ser o marco ideal no que asentar os stands coas máis de 40 creadores de cómic autoeditado provenientes de toda a península



■ Ambiente no Autobombo. ©Andrea Rodríguez



(ademais do núcleo galego, virían creadores de Valencia, Barcelona, Baleares, Cantabria, Madrid e mesmo Portugal). Do mediodía á noite, unha concorrencia de seareiros e curiosos ateigaron esta céntrica praza, o que se traduciu nun rotundo éxito de vendas (moitos participantes esgotaron as tiraxes dos seus fanzines!).

Entre as actividades organizadas paralelamente ao mercado, ademais do bar de cervexas artesanais e das pinchadas de DJs que amenizaron a xornada, cómpre salientar que pola mañá Julia Abalde recuperaría a sección Minibán cun obradoiro no que os cativos aprenderon a crear imaxes partindo de puntos e liñas en movemento. Polo serán, a xente do taller de serigrafía lacongregou puxo en marcha a iniciativa “Unha nova vida para a túa cami”, na que os asistentes quedaron encantados ao estampar en pezas velhas de roupa a imaxe deste Autobán, obra de Jorge Parras.

Despois de recoller os bártulos e unha cea rápida, pasada a medianoite no Bar 13 celebramos a festa de fin de Autobán, que permitiu confraternizar a membros da organización, fanzineiros e lectores nun contexto máis distendido.



■ Chano e José no Autobombo. ©Andrea Rodríguez

Foi o peche ideal para dous días de programación nos que o festival Autobán rexurdiu do seu letargo coas baterías cargadas e con ganas de seguir axitando o panorama da BD autoeditada desde Galicia. ■

## ...E O AUTOBOM 2023



■ Inicio do AutoLab no Autobom 2023.

Autobom, a edición invernala do Autobán, tamén estreou unha nova localización: a fantástica librería e refuxio cultural A Tobeira de Oza, que xenerosamente nos cedeu as súas instalacións o pasado 25 de febreiro. Aparte dun mercado de fanzines máis recoleito que o estival, nesta xornada organizáronse actividades coma un obradoiro de creación de minifanzines para a rapazallada a cargo de Diego Burdío ou un Autolab para os adultos coordinado por Óscar Iglesias, cuxos resultados se recollen nesta mesma publicación.

Doutra banda máis desenfadada, houbo unha sesión vermú con Willy the Squid como DJ e un karaoke con sintonías de míticas series e películas animadas infantís que revolucionou á concorrencia. Aproveitando que a data coincidía co último sábado de entroido, unha poxa de piñatas presentada por Xoana Cuchiflainas pechou a velada e supuxo a primeira campaña de financiación do vindeiro evento.

# AUTOLAB 2023

O Autolab é un obradoiro periódico de banda deseñada experimental que adoita celebrarse en cada edición do Autoborn. O último tivo lugar o 25 de febreiro na librería A Tobeira de Oza da Coruña.

As súas influencias máis destacadas son o Lab·Ou, o colectivo de cómic experimental coordinado desde as defuntas Xornadas de Banda Deseñada de Ourense, e sobre todo o OuBaPo (acrónimo de Ouvroir de Bande dessinée Potentielle). Este grupo, creado en 1992 no seo da editorial francesa L'Association e formado entre outros por Groensteen, Trondheim, Menu, Killoffer, Ayrolles, Lécroart e Gerner, procura formas e estruturas vangardistas para a novena arte.

O Autolab aproveita a xuntanza de diversos debuxantes e fanzineiros (e mesmo espontáneos: calquera participante é benvido) para animalos a intervir en exercicios de estilo (polo xeral comunais) cos que saír da súa zona de confort creativa e descubriren as posibilidades estilísticas do medio.

O exercicio colaborativo que se recompila a continuación é unha cadea aleatoria, unha variación do cadáver exquisito. Os debuxantes, sentados en círculo en torno a unha

mesa, tiñan cinco minutos para debuxar unha viñeta a partir dun concepto predeterminado escollido ao chou. Trascorrido ese tempo, cada artista debía pasar a páxina ao participante da súa dereita, mentres á súa vez recibían a páxina do autor da súa esquerda. Acto seguido, procedían a debuxar a segunda viñeta desa historia noutros cinco minutos. A acción repetíase até completar as seis viñetas de cada páxina por parte de seis debuxantes distintos en pouco menos dunha hora. Á diferenza do cadáver exquisito, todos os participantes coñecían o que fixeran os debuxantes anteriores, e a súa misión era continuar o cómic cunha mínima cohesión e coherencia dentro das limitacións do reto.

Neste exercicio en cadea, para escoller o punto de partida do seu tebeo, cada concurante debía coller por azar dunha bolsa dúas papeletas, cada unha das cales agochaba o nome dun personaxe clásico do mundo do cómic, e imaxinar a interacción que podería xurdir entre eles. Todas as páxinas se debuxaron simultaneamente e polo tanto era imposible para os implicados saber o que estaban a deseñar os seus compañeiros; con todo, sorprende descubrir ao lelas que moitos chegaron improvisadamente a solucións semellantes.


## NESTA EDICIÓN DO AUTOLAB CONCORRERON

**Ana Pandemonium** @anapandemonium  
**Pepe Mansilla** @pepemansillacomix  
**Xoana Cuchiflainas** @cuchiflainas  
**Paz Rodríguez** @pazzz.pazzz.pazzz  
**Mateo Alvarellos** @mateoalvarellos

**Shiki Owo** @shikiowo  
**Diego Blanco** @dondiegoblanco  
**Sara Sánchez** @saranchezzz  
**Mar Vieites** @random\_vonhautkopf

En cada cómic aparece acreditado por orde o autor de cada viñeta.

# CALVIN + OBÉLIX



**Viñeta 1:** Mar Vieites

**Viñeta 4:** Xoana Cuchiflainas


**Viñeta 2:** Sara Sánchez

**Viñeta 5:** Diego Blanco

**Viñeta 3:** Ana Pandemonium

**Viñeta 6:** Shiki Owo

MAFALDA + ASTROBOY



Viñeta 1: Sara Sánchez  
Viñeta 4: Diego Blanco Shiki Owo

Viñeta 2: Ana Pandemonium  
Viñeta 5: Shiki Owo

Viñeta 3: Xoana Cuchiflainas  
Viñeta 6: Pepe Mansilla

## SUPERMAN + CAPITÁN AMÉRICA






Viñeta 1: Ana Pandemonium  
Viñeta 4: Shiki Owo

Viñeta 2: Xoana Cuchiflainas  
Viñeta 5: Pepe Mansilla

Viñeta 3: Diego Blanco  
Viñeta 6: Paz Rodríguez

MAZINGER + MORTADELO



Viñeta 1: Pepe Mansilla  
Viñeta 4: Mar Vieites

Viñeta 2: Paz Rodríguez  
Viñeta 5: Sara Sánchez

Viñeta 3: Mateo Alvarellos  
Viñeta 6: Ana Pandemonium



## PITUFINA + ASTÉRIX




Viñeta 1: Paz Rodríguez  
Viñeta 4: Sara Sánchez

Viñeta 2: Mateo Alvarellos  
Viñeta 5: Ana Pandemonium

Viñeta 3: Mar Vieites  
Viñeta 6: Xoana Cuchiflaínas

**BATMAN + SPIDER-MAN**




Viñeta 1: Shiki Owo  
Viñeta 4: Mateo Alvarellos

Viñeta 2: Pepe Mansilla  
Viñeta 5: Mar Vieites

Viñeta 3: Paz Rodríguez  
Viñeta 6: Sara Sánchez

# TARZÁN + GARFIELD






Viñeta 1: Xoana Cuchiflainas  
Viñeta 4: Pepe Mansilla

Viñeta 2: Diego Blanco  
Viñeta 5: Paz Rodríguez

Viñeta 3: Shiki Owo  
Viñeta 6: Mateo Alvarelllos

**SON GOKU + TINTÍN**



**Viñeta 1:** Mateo Alvarelos  
**Viñeta 4:** Ana Pandemonium

**Viñeta 2:** Mar Vieites  
**Viñeta 5:** Xoana Cuchiflainas

**Viñeta 3:** Sara Sánchez  
**Viñeta 6:** Diego Blanco

## DORAEMON + CORTO MALTÉS



Viñeta 1: Diego Blanco  
Viñeta 4: Paz Rodríguez

Viñeta 2: Shiki Owo  
Viñeta 5: Mateo Alvarellos

Viñeta 3: Pepe Mansilla  
Viñeta 6: Mar Vieites

# PAZZZ RODRÍGUEZ

## CAMPIONA DO COMBATE DE DEBUXANTES 2023



■ Paz, gañadora do Combate de Debuxantes. ©Andrea Rodríguez

### ENTREVISTA

Paz fai fanzines de *bolleras* e *fanart* de *twinks* de videoxogos. Aínda que as súas personaxes parezan cuquis son máis brutas ca un arado. Gústalle a cervexa mala e os chistes máis malos aínda, pero o que máis lle gusta é imprimir movidas en vinilo irisado.

Paz foi a vencedora do Combate de Debuxantes 2023, no que tamén participaron Antón Yáñez, Lara Martínez, Jacobo Bonilla, Javier Trugeda, Guillermo de Foucault, Rodrigo Zayas e Candela Contreras, quen chegou a disputarlle unha igualadísima final.

Aquí tedes unha entrevista coa campiona e autora da imaxe do Autobán deste ano.

**AUTOBÁN.** *Parabéns, es a actual gañadora do Combate de Debuxantes! Como levas a responsabilidade?*

**PAZ.** Xa empezan a rosmarme os xeonllos de andar a cargar con todo este éxito repentino, que alguén veña e me quite o título, por dios.

**AUTOBÁN.** *Foi moi arduo chegar ata a victoria? Salientarías algunha batalla en particular por algún contrincante ou algún concepto que debuxar difícil?*

**PAZ.** Non lembro moi ben o que pasara, a verdade. Lémbrome de que todos os participantes foron opoñentes dignos, loitaron ata o final, pero non lles mostrei misericordia. Tamén lembro bater nalgún co caxato de peregrino que formaba parte do atavío de gañador, e sentirme un pouco mal. Síntoo, persoa que non recordo.



**AUTOBÁN.** *Parte das túas responsabilidades como gañadora é debuxar o cartel e a imaxe da vindeira edición do Autobán. Cóntanos en que te inspiraches ou que tentaches transmitir coa gráfica que deseñaches.*

**PAZ.** O ano pasado fora a miña primeira edición participando no Autobán. Creio que tentei explicar a experiencia que fora ver tanta xente formando parte do evento, creando vínculos e contando historias. O cartel narra unha historia! E o divertido, creio, é que cada cal pode imaxinar o que lle pete cando mira as diferentes partes da ilustración.

**AUTOBÁN.** *Supoñemos que te veremos polos stands do Autobán de verán. Que novidades vas levar, que pode atopar o público de Paz?*

**PAZ.** O público de Paz agarda ardentemente a ver moitos debuxos de xente mística mirándose intensamente e dándose bicos no espazo!

**AUTOBÁN.** *Un último consello para futuros participantes do Combate de Debuxantes?*


**PAZ.** A derrota non é unha opción, non deixedes que o inimigo vexa medo nos vosos ollos. E non esquezaades pasala moi ben!

## UNHA OBRA SELECCIONADA DE PAZ RODRÍGUEZ



■ **Turbolleras.** Segue ás nosas protagonistas, Hokuto e Ion, nesta historia de amor intergaláctica!

### TENDA ESPECIALIZADA EN BELAS ARTES, MODELISMO E MAQUETISMO



Linares Rivas 50 • A Coruña • 881 883612 • [info@jaspeart.com](mailto:info@jaspeart.com)

# HAI QUE FACER UN FANZINE!

**EDICIÓNS BAIXO TERRA, UNHA EDITORIAL GALEGA DE BD E ILUSTRACIÓN**



■ David Calviño, editor xunto a Rubén Rial en Baixo Terra Edicións. ©Andrea Rodríguez

## ARTIGO

Como todas as malas ideas, Baixo Terra xurdiu á porta dunha tenda de BD. Xuntáramonos en Kómic para a presentación da 2ª edición do (xa clásico) *Cousas de Mortos* de Manel Cráneo. Mentres a xente entraba e saía cos seus exemplares asinados, Rubén e mais eu divagábamos na porta sobre argallar outra vez un fanzine xuntos: “podemos facer TAL”; “e tamén isto OUTRO”; “e organizar NONSEIQUE”.

Aínda que era unha tarde de outono e xa arrefriaba en Compostela, Rubén e eu fúmonos quentando. De “temos que facer un fanzine” pasamos a “estaría ben ter un logo ou algo así” e ao pouco xa proclamábamos: “HAI QUE MONTAR UNHA EDITORIAL!”

“Editorial” é un termo que soa grande e aínda que igual non encaixaba de todo na nosa idea, demos en empregalo igualmente como termo comodín. Queríamos sacar fanzines. E facer unha plataforma para animar (máis ben enlevar) á xente a que fixesen as súas BDs. E ir aos mercadiños. E dar un pouco a nota. E pasalo ben. E crear. A editorial só é a escusa. E se funciona, pois para adiante.

Como é habitual nese tipo de conversas, o máxín voa de máis e en nada os bois estaban diante do carro. Un zine periódico, libríños monográficos, traducións ao galego de obra estranxeira... Se chegamos a estirar algo máis a conversa, teríamos rematado falando mesmo de como negociar a venda de dereitos a Netflix, Disney e a TVG.

Pero por sorte, baixounos de súpeto o sentido común e dixemos: “si, imos montar unha editorial, pero imos comezar facendo UN fanzine”. E con esa proposta tan escasa de ambición xurdiu o que logo daríamos en chamar Edicións Baixo Terra.

Logo desa conversa veu o pesado e longo traballo de pensar o nome (con diferenza a peor parte). Despois foi cuestión de enredar a xente, atopar unha copistaría que fixese bo prezo e nun par de meses xa tiñamos o primeiro zine de Baixo Terra, o *TRALLA BRAVA*, unha homenaxe colectiva ao fútbol. E de extra unha reedición do fanzine de Pratos Combinados que organizáramos uns anos atrás.

Logo as cousas foron máis paseniño e tras case un ano desde as primeira publicacións e moitos, moitos retrasos, por fin temos case listo número 0 de *Croio*, o noso fanzine de historias breves (se hai sorte, igual cando leas isto, xa estea circu-



■ Stand de fanzines de Baixo Terra Edicións.

lando) e unha colección de fanzines A6 á que aínda non sabemos como chamar (insisto, buscar nomes é o horror). O tal é ir facendo cousas. Non parar. E a editorial segue a ser a escusa. O importante é que

**Hai que facer un fanzine! ■**

## DÚAS OBRAS DESTACADAS DE EDICIÓNS BAIXO TERRA



■ **Pratos Combinados.** 22 autoras e autores enchendo 54 paxinazas de ilustracións e comics en homenaxe á mítica serie da galega



■ **Tralla brava.** 32 páxinas en branco e negro de voltas e reviravoltas. Un canto de louvanza ao deporte rei das tabernas.

## BIBLIOTECA MARAVILHAS / FIGURANDORECUERDO(S)EDICIÓN



■ Escola de Arroxo-Lourenzá. @rosaperpetua

A Biblioteca Maravilhas tenta ser um lugar no que todo tem cabida, arredor dos diferentes libros em diferentes idiomas todos seremos diferentes e iguais á vez, biblioteca integrada polos amadores da paz da alegría da sabidoria do amor do pasado do presente do futuro, todo e mais podera-se conseguir através dos libros e com estes fazer cousas lindas polas artes escénicas pola educación pola colectividade pola terra pola natureza polo aire pola água polas persoas e saber que desde e num lugar pequeno hai moitas maravilhas e fará-se um mundo melhor.

A venta dos libros de figurandorecuerdo(s)editions serve para levar a cabo ideas e sonhos na biblioteca maravilhas.

## LUIS YANG



■ Portada de *Amorcito* nº 1.

Son Luis Yang, debuxante de BD que goza máis lendo comics que facéndoos así que ultimamente exerce de editor no fanzine *Amorcito*. A revista está inspirada nas revistas de manga *shojo*, é dicir, con demografía feminina que normalmente orbitan ao redor de historias de romance.

Así pois, no *Amorcito* reúno diferentes autores tanto nacionais como estranxeiros para aproximarse ao tema. Penso que a xente que le manga e a xente que le cousas máis indies/underground son dous sectores que non adoitan cruzarse, así que a miña idea é que en cada número se mesturen xente con máis influencia manga e xente que ten un traballo máis experimental.

**Publicacións destacadas:** *Amorcito*, *Mudanza*, *Popurri*, *Chiste* e diferentes colaboracións en revistas como o *Ex Mag 2*, *Dekoboko 2*, *Hoodoo Voodoo*, *Licor Café*, etc.

Son @suscrofad en Twitter e Instagram.

## JULIA ABALDE



■ Portada de *Aquí estoy yo.*



■ Portada de *¡Tris, Tras!*

Son Julia Abalde, unha ilustradora coruñesa que leva vivindo en Barcelona dende que marchei alá no ano 2007 estudar Belas Artes. Despois da carreira fixen un posgrao en Ilustración e dende entón compaxino o meu traballo como ilustradora *freelance* coa docencia en artes en diferentes formatos. Nos meus fanzines e láminas desenvolvo o meu labor máis persoal, combinando observación e metáfora e poñendo o foco na exploración do mundo interior a través de imaxes e textos poéticos.

**Publicacións destacadas:** O meu fanzine máis extenso chámase *Aquí estoy yo*, e foi publicado en 2017. Ademais teño outros fanzines máis pequeniños e outros que están por chegar. Como publicación máis sería destaca o meu libro *¡Tris, tras! Cuentos y actividades para imaginar, crear y jugar*, un libro de contos e actividades para rapaces publicado en 2018 pola editorial Gustavo Gili.

Podes seguirme en Instagram ([@juliabalde](https://www.instagram.com/juliabalde)), onde comparto os meus proxectos creativos, así como propostas didácticas para os máis cativos. O meu mail de contacto é [juliabalde@gmail.com](mailto:juliabalde@gmail.com)



EDITORIAL DE BANDA DESEÑADA GALEGA  
DIRIXIDA POR MANEL CRÁNEO



#BANDA DESEÑADA #ILUSTRACIÓN  
#HUMOR GRÁFICO #ANIMACIÓN

[www.corunagrafica.com](http://www.corunagrafica.com)

# ACTIVIDADES PARALELAS

## OBRADOIROS, CONCERTOS E O SALÓN DE BD DA CIDADE

Durante a semana do Autobán, do 7 ao 13 de agosto, a cidade da Coruña é unha festa constante, por iso chámase **a semana grande**. Ademais do Autobán poderedes gozar das seguintes actividades paralelas.

### OBRADOIROS NA TOBEIRA

Ao longo da semana haberá unha serie de obradoiros creativos na Tobeira de Oza relacionados coa autoedición, a BD e a creación gráfica. Serán actividades cun prezo moderado impartidas por persoas profesionais que participan no Autobán. Estamos traballando na programación para que a oferta sexa atractiva.

### VIÑETAS DESDE O ATLÁNTICO

É o salón de BD da cidade, con máis de 25 anos ás súas costas. Os museos enchense de exposicións de cómic, as rúas de estatuas de personaxes e nos Xardíns de Méndez Núñez hai postos das librarías de BD e unha carpa de actividades.

### FESTIVAL NOROESTE

Cara á finde os concertos de balde ategan a cidade, e as noites do venres e do sábado poderedes asistir a actuacións de luxo na praia de Riazor.

# ASÓCIATE!

O individualismo é unha trampa



A Asociación Galega de Profesionais da Ilustración agrupa a ilustradores e ilustradoras comprometidos na defensa común dos seus dereitos

[www.agpi.es](http://www.agpi.es) | [correo@agpi.es](mailto:correo@agpi.es)

# MÁIS NINJA, MY FRIEND



Faite co teu exemplar da **Guía Ninja do Ilustrador** no Autobán





LIBRARIA  
**PAZ**

[www.librariapaz.gal](http://www.librariapaz.gal)

R/ Peregrina, 29 • PONTEVEDRA

## ESE SITIO

ILUSTRACIÓN  
Galería | Tenda

r/ Orzán 194 baixo • 15003 A Coruña  
[www.esesito.com](http://www.esesito.com)



[www.wellslibros.com](http://www.wellslibros.com)

Praza do Arco, 5, 36940 Cangas | T 986 30 73 62



BIBLIOTECAS  
municipais



GALERÍA

**MARACA!**

POB CHACHACHÁ

R/ Doutor Cadaval, 12, baixo • VIGO



**ALPENDRE CULTURAL**

R/Merced, 24, baixo • A CORUÑA  
luns a sábado, de 11 a 14:30 e 16:30 a 21 h.

# CAMISETA AUTOBÁN

★ Colabora co Autobán mercando a nosa camiseta ★



Ilustración: Paz Rodríguez    Deseño: María Prieto-Puga

12€

+3€  
CON ENVÍO

★ Reserva a túa camiseta en [www.autoban.gal](http://www.autoban.gal) ★

## ASÓCIATE AO AUTOBÁN!

O pago da camiseta considérase a cota anual da **Asociación Cultural Autobán**.

Podes formar parte da mesma se así o queres e participar nas súas canles de comunicación, en futuras actividades e na organización das mesmas... e se non queres, levas unha bonita camiseta!

Unisex S: 46 x 71 cm    Unisex M: 51 x 74 cm    Unisex L: 56 x 76 cm    Unisex XL: 61 x 79 cm    Unisex XXL: 66 x 81 cm

# dominio .gal

**PATROCINADOR DO AUTOBÁN**  
Máis información en [www.dominio.gal](http://www.dominio.gal)